

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2020/8	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria
<b>Data</b>	17 de XUÑO de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 21:30 ata as 22:20 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI



78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b>		

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano,o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobreos asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**



### 1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación:

Non procede aprobación acta sesión anterior.

### 2. Dación de contas das resolucións de Alcaldía.

### 2.-Expediente 264/2020. Subvencións por Concorrenca Competitiva

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

#### DEBATE

Introduce brevemente o punto o Sr. Alcalde no que expón que as bases que pretenden aprobar son produto do traballo da mesa que se creou ao efecto, a mesa para a reconstrución económico do Concello, conformada por todos os grupos de Pleno e as axudas teñen o sentido que vostedes coñecen.

Intervén a Sr.Molinos para consultar a falta dun asunto na orde do día confirmándose polo Sr. Alcalde que é unha cuestión que se levou á Comisión para dar coñecemento do asunto á mesma.

Retoma o Sr. Alcalde a exposición na que as axudas responden á situación do día de hoxe derivado da pandemia que nos tocou vivir e que é unha idea conxunta que a administración local na medida das súas competencias neste ámbito e intentar revitalizar o tecido económico ou responder a este parón, en moitos casos obrigado, e noutros casos derivado da situación do confinamento e os sectores económicas que tiveron caída nos seus ingresos. Prosigue o Sr. Alcalde que para a tender a esta necesidade a manter a actividade de negocios e autónomos do noso Concello na medida das posibilidades e competencias do Concello. Plantea destinar inicialmente este orzamento en dúas liñas de actuación, unha de carácter directo a aquelas actividades que tiveron que parar obrigatoriamente porque así o estableceron tanto as normas da Xunta como do Estado, no caso de Outes aproximadamente 140 negocios. Fai referencia a segunda liña que vai destinada aos diferentes negocios que viron reducida a súa facturación. Explica o



Sr. Alcalde que se colleron como referencia o primeiro semestre de 2020 con respecto ao primeiro semestre do 2019 por menos de un 30%, se ven explica que fixeron unha prelación e aquelas empresas ou actividades que teñan unha caída máis elevada terán prioridade por diante das outras.

Expón que son liñas de axudas semellantes ás que están sacando ou elaborando outros concellos. Creen que son necesarias e expón que é posible que outras administracións planeen sacar outras axudas e que cando as saquen haberá que valorar facelas complementarias coas que se aproban agora.

Toma a palabra a Sr. Molinos que fai unha mención para Marité que levaba moitos anos no Concello e que expón a necesidade de recoñecerlle o seu traballo ao longo de todo este tempo e desexarse que disfrute da súa xubilación e agradecerllo publicamente.

Sinala que volvendo ao punto da orde do día, pensan que calquera medida que serve para paliar os efectos da crise provocada pola COVID19 no tecido empresarial de Outes ten que ser benvida. Expón que o goberno debería ser tido máis áxil no auxilio dos veciños e das empresas afectadas tanto na medida que nos ocupa como outras que están anunciadas e que aínda non temos noticias da súa execución.

Prosegue a Sr. Molinos que pensa así mesmo que na recuperación económica do Concello sobre todo de cara ó turismo tería moito peso medidas para o coidado e embelecemento do Concello como por exemplo a limpeza e bacheado das pistas, o adecentamento dos espazos públicos, a limpeza das rúas urbanas, das praias, das rutas de sendeirismo, os contenedores, estamos vendo que lle está prestando moi pouca atención a estes aspectos que contribúen a que o noso Concello sexa un lugar atractivo para recibir visitas e para vivir nel.

Toma a palabra a Sr. Suárez que expón que dende o BNG con respecto ás axudas económicas participamos nesta mesa pero unha estudado polo miúdo o expediente temos serias dúbidas de que estas axudas económicas de 300 ou 400 euros vaian a valer para salvar a algún autónomo ou a algunha das empresas do seu peche. Refírese o dito polo Sr. Alcalde de que é esperable de que outras administracións as que podan realmente achegar axudas ou medidas fiscais que realmente poidan poñer o rescate destas empresas de xeito serio. Prosegue que vostede presenta un expediente no que salvo estas axudas de xeito directo o que o BNG o que vota en falta é unha falta de proxecto que sería máis importante de cara algúns sectores do noso Concello á hora de crear emprego. Non creemos que



sectores tan importantes no Concello e que teñen tanto potencial como pode ser o turismo necesiten limosnas porque as axudas que se ofrecen non se poden tratar como axudas pola baixa contía como para ser a suficiente relevancia para estas empresas.

Expón que é importante presentar proxectos de emprego, de dinamización do Concello, reclama que tería que haber feito o goberno o traballo de proxección e dinamización do Concello e ter establecido que é o que quere facer co Concello de Outes e sinala que ao principio do comezo do mandato do goberno o BNG pensa que non toma nota e segue pensando que ten unha oposición belixerante cando non é así cando é todo o contrario.

En turismo reivindica o BNG que queda todo e máis por facer. O BNG é coñecedor de que foron a mesma Asociación de Turismo a que lle fixo chegar, reunidos con eles, lles trasladaron a idea que estas axudas non axudan a case ninguén e que poucos se ían salvar e que o que precisaban era unha promoción do Concello.

Cita o coñecemento do BNG que vostede está traballando a finais de xuño practicamente e que mellor que aforre os cartos porque xa está todo reservado. Pretende trasladar a idea dun Concello seguro e pouco seguro se pode ter esa idea atopándose nasituación na que se atopa. Prosigue a Sr. Suárez dicindo que o Concello atópase abandonado en canto aos espazos públicos, a recollida de lixo, o desbroce de maleza, o traballo nas distintas rutas e sendas e actividades de ocio, sinala que o goberno ten todo por facer en materia de turismo. Reitera que para que veña a darlle 300 euros como se fose a ser a salvación dalgunha das actividades ou traballadores. Citan que o Sr. Alcalde pretende nun expediente sen proxecto e que por parte deste grupo plantexouse o mercado local e non decidiu poñer en vigor nin poñelo en valor e creen que iso si repercutía nos ingresos. Tampouco puxo en marcha pese a ser aprobado tamén a mesa de vivenda algo que está sendo moi demandado no noso Concello, pero segue sen poñerse en marcha, ingresos que recaerían nos nosos veciños. Insiste que máis alá de 300 ou 400 euros seguro que ingresaban pola bolsa de vivenda pero fai referencia a que o Sr. Alcalde obviou as recomendacións, apuntes ou ideas.

Refírese a Sr. Suárez que é moi dado a apostar por outras medidas “estrela” que o levan a un titular en prensa ou en algún outromedio de comunicación, “vive marisqueo” por exemplo vostede pese que no pleno e comisiónsdíxose que era unha campaña que non se vía o seu rendemento de cara ao turismo no noso Concello, contou con 12 visitantes dos cales 4 ou 5 estamos seguros que eran de prensa e os outros alugados nunha casa rural e outros 2 as que realmente o



visitaron.

Vemos un Concello cunha oferta totalmente precaria en canto a servizos, venden o “Outes Concilia”, en que consiste, por un lado temos o que vostedes anuncian unha escola infantil pero a día de hoxe non a temos, solicitan que temos un PAI que dada a situación da COVID19 verá reducida as súas prazas e servizos e a espera de que a Xunta autorice a súa apertura. Neste Outes Concilia inclúen “tardes divertidas” que é unha serie de ofertas de actividades que vostedes agora cobran e que viñeron a privatizalas cando estaban cubertas de feito satisfactorio pola AMPA de Outes, había unha oferta de actividades extraescolares e non había queixa. En definitiva, se quere usar a creación de emprego e axudar aos nosos autónomos e empresas póñase a traballar nun proxecto serio para o noso concello e deixe de repartir limosnas.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que expón que como sabemos atopámonos nun momento excepcional e que os veciños tivemos que pechar as portas ou pasar a formar parte dos ERTES. Dende o PSOE de Outes púxose todo o empeño para esquecerse dos nomes dos partidos políticos e nos centrásemos nos veciños e veciñas arrimando todos o ombreiro para falar de sacar isto adiante da mellor forma posible. Debido a isto tomamos unha serie de decisións entre todos para o antes posible podamos ter unha relativa normalidade no concello pero non coñecemos a realidade que se vai levar a cabo dende o Concello, solo o saben vostedes. Non sabemos se se terán en conta as propostas do partido socialista.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e comenta que en liñas xerais que pensaba que había certo consenso, e recorda que o que se está aprobando son as bases reguladoras de axudas económicas do concello derivadas da COVID19. Reitera que esta é a cuestión e que pensaba que tal e como expuxo o partido socialista traballamos todos nun consenso e que o comparte.

Expón que a eles tamén lle gustaría que todo fose máis áxil pero as cuestión burocráticas son as que son e que coincidiu cun cambio na Secretaría e que ten que facerse cos temas do Concello, como non podería ser doutro xeito e igual que fai Intervención e calquera area do Concello.

Refírese o termo de “limosna” comeza dicindo que pensaba que había consenso e agora no hai e que nas reunións non se manifestou. Fai fincapé que os recursos dos Concello son os que son. Estas son pequenas axudas para empresas e autónomos e que isto vai complementar ás de outras administracións porque non temos nin as competencias nin os recursos.



Cita que en referencia a falta de proxecto citado pola portavoz do BNG documentaremos todo pero o que queriamos é aprobar estas bases.

Toma a palabra a Sr. Molinos portavoz do PP reiterando o citado con anterioridade que son necesarias e que todo o que sexa para paliar as deficiencias das empresas ou autónomos afectados pola COVID19 e que lles parece insuficiente polas cuestión sinaladas anteriormente, que ten que ter en conta outros aspectos.

Tomando a palabra a Sr. Suárez explica, en primeiro lugar traballamos de xeito unánime e conxuntos nas distintas medidas na mesa do COVID19 arranxando problemáticas dos nosos veciños e veciñas e que por parte do BNG non poida ter queixa e estivemos a disposición do goberno para a resolución de diferentes aspectos.

Por outro lado, expón que no que facía referencia a turismo en ningún momento me se parecía da aprobación das bases, a hostaleira, o comercio, son autónomas e o presuposto non temos máis que dicir. Estaba falado non consensuado pero cada un de nós tomarán as súas decisións e insiste que se pode facer un traballo moito máis importante a hora de axudar aos nosos negocios e veciños e veciñas e que se poidan tomar esas medidas. Na comisión apuntáronse outra serie de medidas que vostede non anotou ou non tomou a ben recollelas. Insiste que estenon é o tipo de axuda que os vai a salvar e si que ao concello o vai comprometer nunha partida económica.

Toma a palabra o portavoz de partido socialista e fai un xesto conforme “imos a arrimar o ombreiro”.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate, prodúcese a votación que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor.
- PP: 5 votos a favor.
- BNG: 2 abstencións.
- Grupo Mixto-PSOE: 1 voto a favor

### **ACORDO**

### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**



D. Manuel González López, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña);

### **ANTECEDENTES**

Considerando, o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, estado de alarma que se mantén na actualidade e que levou a unha importante parálise da actividade económica na totalidade do territorio nacional.

Considerando, a vontade do Goberno municipal a aprobación, polo Pleno da corporación, das “bases reguladoras para a concesión de urxencia das axudas económicas para o mantemento da actividade económica e o emprego no Concello de Outes debido á crise provocada polo COVID-19”, coa finalidade de axudar ó comercio local a paliar as graves consecuencias e a situación de crise derivada da antes citada parálise de actividade económica;

Considerando suficientemente xustificado o procederá tramitación do presente expediente de concesión das axudas descritas;

Visto o informe de Secretaría, asinado con data do 09/06/2020, examinada a totalidade do expediente, en aplicación das previsións contidas nos artigos 21.1.c) e 22.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 17.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, propoño ó Pleno, previo ditame da Comisión Especial de Contas, a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO-** Proceder á aprobación das Bases reguladoras para a concesión de urxencia das axudas económicas para o mantemento da actividade económica e o emprego no Concello de Outes debido á crise provocado polo COVID-19”

**SEGUNDO-** Publicar as presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, sometendo o expediente ó trámite de exposición pública e audiencia durante o prazo mínimo de 30 días, ós efectos de presentación de posibles reclamacións ou suxestións por parte dos interesados.

Outes, na data que figura na marxe;





O Alcalde,

D. Manuel González López

#### 4.- Expediente 53/2020. Elaboración e Aprobación do Orzamento

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

#### **DEBATE**

Introduce brevemente o asunto o Sr. Alcalde e comeza sinalado que o proxecto que se presentan de orzamentos para o presente ano xa en curso é un proxecto excepcional que ten que responder a esta situación excepcional que estamos vivindo. A altura de febreiro 2020 precedido de conversas de grupos municipais algúns presentes o equipo de goberno intentou chegar algún tipo de acordo para o proxecto de orzamentos pre COVID, xa aquelas alturas xa o tiñamos elaborados e presentados un proxecto que mesmo tiña data para ser debatido en Comisión (venres 13 de marzo) foi un día antes da declaración do estado de alarma e puideron velo de forma completa. Pola situación afectou de forma directa á administración local e iso levounos á necesidade de reelaborar e adaptar este orzamento. A adaptación ven da man de que orzamento inicial dende o punto de vista dos gastos ía ter un aforro en determinadas partidas e recorte noutras ou redución de enerxía e houbo unha merma de ingresos previstos.

Prosegue que esta situación afectou ás previsión de ingresos e gastos e levounos a reorientar o proxecto de orzamentos e as novas necesidades e o xeito foi probando un reforzo pola promoción económica e acabamos de aprobar unhas bases que fan referencia a un crédito orzamentario e que está incluído partida destinada na promoción turista que estamos traballando neste plan de promoción turismo. E aproveita para citar que o turismo non comeza en xuño e remata en setembro, non aspiramos a un turismo estacional. En promoción económica queremos adicar outra contía para a dinamización do comercio local.

Estamos traballando na promoción do comercio local cunha campaña específica que xa está adoptada. Por outra banda, reorientar os orzamentos cara o gasto



social, para atender as familia máis desfavorecidas.

Sinala que aínda que os orzamentos son excepcionais non deixan de ter un substrato do orzamento inicial do que presentamos en febreiro, que queríamos facer unha aposta pola promoción económica, agora reforzala. Dotar a Outes de reforzo do PAI que a partir de setembro comezará a funcionar, que se atopa nun proceso de instrución e por outro lado temos o programa Outes Concilia reforzouse incorporando o servizo que non existía antes de “madrugadores” e agora os campamentos de verán que está aberto o proceso de inscrición. Esta era a nosa aposta de fondo, no Concello partimos no noso programa electoral e no meu discurso de investidura que temos que traballar pola promoción económica sabendo que temos as competencias que temos e estamos poñendo as bases e os recursos para ese obxectivo. E segundo pola conciliación, polos servizos sociais por facer un Concello atractivo para a xente nova. É fundamental sen desatender outras cuestións.

Aclara o Sr. Alcalde que na súa memoria hai un pequeno erro de 45 céntimos con respecto ao total dos ingresos e gastos.

Por outra banda, en canto aos investimentos, hai un aumento pola incorporación dos dous plan de obras e servizos destinados a infraestruturas e a recuperación de elementos turísticos. Tratamos de conter o gasto corrente condicionadas pola situación do COVID hai un incremento moi relevante dos gastos de persoal, produto dos acordos que se alcanzaron cos traballadores, xa no anterior mandato. Leváronnos en dous exercicios a subida salarial polo convenio colectivo era moi significativo, próximo a un incremento do 25% da masa salarial en 4 é unha das partidas máis relevantes que hai que atender e reducimos os gastos dos órganos de goberno. En definitiva o Sr. Alcalde cita que consideran o orzamento de excepcional adaptado as circunstancias deste ano pero que encerra unha aposta do goberno do que quere que sexa Outes.

Tomando a palabra a portavoz do PP que agradece aos traballadores do concello que estiveron vinculados coa elaboración do proxecto. Estamos ante o que debería pasar aproximadamente hai 6 meses antes de remata o ano 2019 pero non foron que de aprobalos, en 20 anos nunca pasou no Concello. Para o seu comezo non está mal, tendo que prorrogar os orzamentos do ano pasado eses que cando se aprobaron en decembro do 2018 calificaron vostedes como “non adecuados para atender as necesidades do noso concello”. Prosigue e resalta as contía do Capítulo VI. Investimentos, que na memoria explicativa os datos quedan



ven pero a cifra hai cuestións xa consignadas no POS 2019 e inclúen tamén o 2020. Os créditos para o POS 2019 chegaran hasta fase autorización que en XGL aprobaron o inicio do expediente de contratación, fase A, sen que fose quen de chegar a outra fase de gasto máis avanzada, por exemplo contratar as obras que tiña que contratar.

Eses cartos teñen a consideración de créditos que normalmente incorpóranse o seguinte orzamento coa formula de modificación de crédito ou incorporación de remanentes, non como fixeron vostedes calcado directamente no orzamento 2020 que no seu aspecto formal non incumpriría a normativa, pero dende o PP parécenos que esa formula crea unha disfunción o proceso fiel da situación económica do concello, xa que o Capitulo VI vese incrementado artificialmente pola inclusión de orzamentos do ano anterior. Facendo crer aos veciños que fan grandes inversión cando en realidade están contando dous veces as mesmas cousas.

Nestes orzamentos o PP vota de menos as partidas destinadas á creación do solo industrial, non vemos ningunha partida dirixida a mellora das redes de saneamento que levaban no seu programa electoral e solicita que lle gustaría ver onde está reflexada a participación dos veciños neses orzamentos, porque nese mesmo programa contemplaban facer uns orzamentos participativos e non vemos a participación.

Prosigue que teñen que facer referencia e reiterar o pouco rigor do goberno para facilitar a información á oposición da documentación relativa ao expediente. Do paquete de documentos polo programa de xestión había arquivos obsoletos e para analizar a documentación tivemos que intuír cales eran os válidos e os que non e cremos que nós estamos para analizar a documentación que vostedes nos teñen que facilitar con rigor.

A portavoz do PP refírese a tenor da intervención anterior, apunta a sorpresa e a insensatez de traer a este pleno estas bases para aprobalas e que dependan de algo que non está aprobado que é o orzamento e reitera que non o pode entender. Podemos pensar que está queren confundir aos veciños.

Toma a palabra a portavoz do BNG, reitera a deficiencias e sobre todo a premura e desculpas a hora de presentar os orzamentos. Como dixo a portavoz de PP tiñan que presentarse a finais de 2019 e convócanos en marzo pero agora preséntanos uns sen ningún tipo de diálogo nin consenso. No seu programa electoral falaban



de orzamentos participativos, pero non foron nin participativos cos grupos da oposición porque os presentan nun pleno extraordinario que se facilita documentación a semana pasada para aprobalos e non aprobalos. E reitera o dito polo PP da desorde.

Volvendo aos orzamentos participativos, nin con a oposición nin con os veciños, quedou en encontros veciñais porque as demandas en necesidades dos veciños poucas recolleron e menos escoitaron. Ten vostede Sr. González a sorte de unha oposición construtiva e comprometida cos veciños e veciñas de Outes e que é responsable e debería ter en conta as nosas valoracións. O BNG creemos que debemos respecto aos traballadores do concello que estas suxeitos a esa RPT, pendente de facerse efectiva e executarse con estes orzamentos. Outras cuestións, as axudas recoñezas nos orzamentos pasan a simplemente parte do orzamento. O BNG chama a atención que nos presente os orzamentos como urxencia polo COVID19, parece unha escusa. Derivados da situación da COVID19 di a perda de emprego e non é certo porque a perda de emprego leva perdendo Outes dende hai anos ao igual que a poboación, por iso que a parte dos números ten que ter un proxecto claro que a día de hoxe non coñecemos.

O BNG anuncia que tras valorar e analizar os orzamentos polo miúdo adiantan o seu voto a favor por responsabilidade política porque somos unha oposición construtiva. Cor responsabilidade cos traballadores que dependen destes orzamentos para a RPT e sobre todo por responsabilidade cos nosos veciños e veciñas de Outes. Deste xeito que non lle valga de escusa.

Toma a palabra o portavoz do partido socialista, fai referencia aos céntimos corrixidos polo alcalde na memoria durante a sesión do pleno e amosa o diñeiro. O portavoz reitera que en numerosas ocasións non me gusta a súa forma de actuar as ves. Por exemplo, quería sacar diante as medidas post COVID19 antes de facer o pleno dos orzamentos. Non vin a partida para as bombillas de Ponte Nafonso, créame que non me gusta en ocasións a súa forma de actuar. Repetinillo en xullo, agosto, setembro, outubro, e expón que o repetiu e vostede me dixera que estaban previstas ou en trámite no houbera tido problema en deixar en paz o tema. Pero vostede garda para si sen contar cos demais.

A sabendas que a aprobación non depende do meu voto dicirte que ao mellor nunca unhas bombillas saíron tan caras. Solicitalle que se abra a falar coa oposición, polo menos co PSOE antes de actuación ou durante.



Toma a palabra o Sr. Alcalde, que apunta que intentos de diálogo cos grupos políticos en varias ocasións. En resposta o dito pola portavoz do BGN mostra o seu agradecendo pola altura de miras.

En relación o que apuntaba portavoz do grupo do PP nocabítulo de investimentos non incumpre ningunha norma como vostede dixo e os retrasos esta executando. Ao apunte de que non hai unha partida de solo industrial, anuncia que pronto cambio PXOM para solo industrial e iso non implica investimento. En canto a saneamento a semana pasada tivemos unha reunión con Augas de Galicia para materializar.

Con respecto o dito pola portavoz do PP de traer as bases e orzamento vinculados a un mesmo pleno, vostedes aprobaron esas bases e o goberno ten a obriga democrática de aprobar eses proxectos e o lóxico e presentalos antes pero agora debemos adoptala as novas circunstancias e establecer un proxecto para subvencionar ás empresas.

Con respecto o exposto polo portavoz do partido socialista o Sr. Alcalde expresa o seu entendemento coas luminarias e que xa se lle contestou que estabaincluídos no IDAE e que se poderán repasar as actas para comprobalo.

O proxecto do IDAE que está para a convocatoria de xuño e verán que entre as melloras de licitación esta as luminarias de Ponte Nafonso pero é unha mellora non o proxecto, que hai unha pequena partida neste. Vamos a velo cando estea parte executado do proxecto do IDAE.

Por último, o Sr. Alcalde agradece de novo o BNG que posibilite a aprobación dos orzamentos.

Toma a palabra a Sr. Molinos facendo referencia a que os traballadores non van deixar de cobrar porque non se aproben os orzamentos porque pódese facer modificación de crédito. E con respecto a do IDAE parécenos moi ben que o traia ao pleno ordinario de xuño pero mellor é cando lle pedimos fai máis de 4 meses o documento.

Intervén o alcalde para dicir que nesa data no no tiñan. E aclara que unha cousa é unha memoria para pedir unha subvención e outra é un proxecto.

Rebate que cando se supón que hai un proxecto con estas contías podía contestar



que teñen unha memoria e non un proxecto pero nin o fixo cando llo pedimos nin cando llo recordamos.

Toma a palabra a portavoz de BNG que indica que non quere realizar ningunha intervención mais.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que comeza dicindo que nunha das preguntas se lle formulou e que seguramente a resposta foi si témolo pensado. Dígolle que me falen, xa que falo con todo o mundo. As veces gustaríame saber cousas que vostede sabe e que me esconde e non teño coñecemento do porque.

O Sr. Alcalde di que xa intentou o dialogo pola súa banda.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate, prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor.

PP: 5 en contra.

BNG: 2 votos a favor.

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención.

### **ACORDO**

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

Confeccionado o orzamento desta entidade para o exercicio 2020, tendo en conta que na súa tramitación se cumpriron os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que ordenan os artigos 165 a 168 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e concordantes do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, propóñolle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o orzamento do Concello de Outes para o exercicio 2020 e as súas bases de execución, cun importe total no estado de ingresos de 5.882.397,01 €, e no estado de gastos de 5.882.397,01 €, co detalle por capítulos que de seguido se relaciona:



## ESTADO DE GASTOS

### A) OPERACIÓNS CORRENTES

Cap. 1. Gastos de persoal.....	2.217.474,39 €
Cap. 2. Gastos correntes en bens e servizos.....	2.082.685,55 €
Cap. 3. Gastos financeiros.....	1.000,00 €
Cap. 4. Transferencias correntes.....	230.092,00 €

### B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Cap. 6. Investimentos reais.....	1.346.145,07 €
Cap. 7. Transferencias de capital.....	0,00 €
Cap. 8. Activos financeiros.....	5.000,00 €
Cap. 9. Pasivos financeiros.....	0,00 €
TOTAL GASTOS.....	5.882.397,01 €

## ESTADO DE INGRESOS

### A) OPERACIÓNS CORRENTES

Cap. 1. Impostos directos.....	1.301.500,00 €
Cap. 2. Impostos indirectos.....	80.000,00 €
Cap. 3. Taxas e outros ingresos.....	742.519,00 €
Cap. 4. Transferencias correntes.....	2.554.756,66 €
Cap. 5. Ingresos patrimoniais.....	53.350,97 €

### B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Cap. 6. Alleamento de investimentos reais.....	0,00 €
Cap. 7. Transferencias de capital.....	1.155.270,38 €
Cap. 8. Activos financeiros.....	5.000,00 €
Cap. 9. Pasivos financeiros.....	0,00 €

TOTAL INGRESOS.....5.882.397,01 €

**Segundo.-** Aprobar o cadro de persoal da Corporación para o ano 2020.

**Terceiro.-** Aprobar o teito de gasto non financeiro en cumprimento do artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no importe de 5.303.736,69 €.



**Cuarto.-** Anular as modificacións de crédito seguintes: xeración de crédito 1/2020 e 2/2020 e transferencias de crédito 1/2020 e 2/2020, por estaren incluídas xa no orzamento que se somete a aprobación.

**Quinto.-** Aprobar a masa salarial do persoal laboral, fixada no importe de 834.294,77 €.

**Sexto.-** Expoñelo ao público polo prazo de quince días, por medio de anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, consonte ao artigo 169 da Lei reguladora das Facendas Locais (Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo). En caso de que non se presenten reclamacións o orzamento entenderase aprobado definitivamente.

Outes, na data sinalada á marxe

O ALCALDE, Manuel González López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

*Tendo en consideración un erro no programa xestiona na proposta pero sendo a correcta a debatida no pleno e a aportada no expediente.*

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

*Remata a sesión ás 22:20do que, como Secretaria, dou fe.*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**

A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=HHs8rgLJLDQ>

